



## REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 23 de maio de 2018 apróbanse as bases reguladoras que rexen o concurso público de dez bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 106, do 5 de xuño de 2018).

As bases cuarta e quinta da convocatoria establecen que as solicitudes presentadas deberán reunir os requisitos xerais e específicos esixidos para cada proxecto e que se formalizarán no modelo ED109A, debidamente cuberto e asinado, **acompañado da documentación en orixinal ou copia debidamente cotexada** que se sinala na base sexta, na forma e prazos indicados na convocatoria.

O Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), órgano encargado da instrución do procedemento, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada ao abeiro da base sexta da orde de convocatoria.

De conformidade co disposto na referida base, as solicitudes incompletas, con erros ou as que non acheguen toda a documentación acreditativa esixida, serán obxecto de requirimento á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición de bolsa e arquivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: <http://www.cirp.gal>.

Polo exposto, procédese a:

1. Publicar na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos xerais esixidos:

- Como Anexo A, as solicitudes suxeitas a emenda de documentación, co nome e apelidos dos solicitantes.

- Como Anexo B, a relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes, de conformidade cos requisitos e prazos establecidos na convocatoria.

2. Facer indicación expresa a todos os solicitantes recollidos no Anexo A de que son requiridos para que no prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta disposición, na páxina web do CRPIH (<http://www.cirp.gal>) emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se establece neste documento. De non o facer, terase por desistido da súa petición de bolsa, e arquivarase o seu expediente logo da resolución que se ditará nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Axefa de servizo do CRPIH

Ruth Otero Vilar





## ANEXO A

### Relación de solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Solicitante	Documentos requiridos
ALONSO MORAIS, ALBA	2
CAMPUBRÍ VIÑALS, ADRIANA	2
COCHÓN CASTRO, LORENA	1
FERNÁNDEZ PÉREZ, IAGO	4
MOSQUERA CALVO, INÉS	2
REGODESEVES LÓPEZ, SANDRA	2
SOTELO DOMÍNGUEZ, HELENA	1, 2, 3, 4
VEIGA RILO, HELENA	2

## ANEXO B

### Relación de documentos preceptivos para a emenda das solicitudes

Nº Documento	Descrición Documento
0	<b>Orixinal</b> da solicitude formalizada no modelo ED109A que se publica como Anexo XI da orde de convocatoria, asinada polo/a interesado/a.
1	Indicar, por orde de prelación, cada un dos proxectos para os que presenta a súa solicitude (Anexos do I ao X).
2	<b>Certificación académica oficial completa</b> (en orixinal ou copia cotexada) onde conste a <b>nota media</b> do expediente académico <b>da titulación esixida</b> , que deberá ser <b>igual ou superior a 6,5 puntos</b> , calculada <b>de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG nº 188, do 30 de setembro)</b> ou, no caso de <b>estudos universitarios non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia</b> , polo <b>Real decreto 1125/2003 (BOE nº 224, do 18 de setembro)</b> .
3	<b>Currículo</b> , acompañado da documentación acreditativa dos requisitos específicos e méritos alegados.
4	<b>Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 4)</b>